



AO ALCANCE

PROGRAMA

XUSTIFICACIÓN:

Os datos sobre o medio laboral indican elevadas prevalencias de uso de drogas entre a poboación traballadora ocupada. Aínda que nos últimos anos se produciu un descenso no consumo de drogas entre traballadores/as, as prevalencias superan as rexistradas entre o conxunto da poboación, debido á converxencia de factores de risco extralaborais e outros relacionados coa actividade laboral, como mala situación contractual, inquietude ante o futuro laboral, cansazo intenso no traballo, xornadas prolongadas, insatisfacción co traballo, insatisfacción co trato recibido polos superiores, traballos a obra feita ou de alto rendemento e estrés no traballo. Os consumos de drogas teñen un impacto moi negativo sobre o medio laboral, afectando tanto a traballadores/as como as empresas. Con este programa perséguese promover intervencións preventivas que favorezan o coñecemento por parte de todas as instancias do medio laboral de factores que favorecen o consumo de drogas e das estratexias para a súa modificación.

OBXECTIVOS:

O obxectivo xeral do programa é a de promover a adopción de estilos de vida saudables entre os /as traballadores, así como reducir a incidencia dos problemas sociosanitarios relacionados co uso de tabaco e alcohol no ámbito laboral.

DESTINATARIOS:

Traballadores, empresarios, responsables de departamentos de recursos humanos, representantes sindicais, profesionais dos equipos de saúde laboral, técnicos/as responsables de servizos de prevención de riscos laborais, organizacións sindicais e asociación de empresarios.

METODOLOXÍA:

- Realización dun taller coa finalidade de mellorar o coñecemento acerca dos riscos e os efectos do consumo de tabaco e de alcohol.
- Difusión da guía: "Os traballadores fronte ao alcohol e outras drogas".
- Aplicación dun cuestionario para avaliar o coñecemento dos traballadores acerca dos riscos do consumo de tabaco e alcohol.

DURACIÓN:

Desenvólvese ao longo dunha sesión de 3 horas.

CONTIDOS:

- Tópicos e mitos acerca do tabaco e do alcohol.
- Efectos do tabaco e do alcohol sobre a saúde.
- Repercusións familiares do consumo de alcohol.
- Repercusións laborais do consumo de tabaco e alcohol.
- Cómo podo saber se teño problemas co alcohol?
- Cómo saber se un compañeiro ten problemas co alcohol e en caso de telo cómo actuar?
- Información dos recursos existentes en Vigo que tratan os problemas ocasionados polo consumo de alcohol.